

Actualmente na Universidade da Coruña practicamente en todas as facultades e escolas está en marcha o plan de acción titorial ou PAT. Este servizo, dependente da Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, é organizado pola persoa responsable do PAT para a UDC (coordinador/a do PAT na UDC) e xestionado en cada facultade ou centro por un coordinador/a do PAT.

As funcións do coordinador/a da UDC son:

- **Coordinar** a organización do PAT en cada un dos centros da UDC.
- **Velar** pola formación dos titores e ir creando unha cultura de titoría na UDC .
- **Facilitar** o recoñecemento administrativo da labor dos coordinadores e titores.
- **Ser o responsable** último dos procesos de avaliación dos grados de satisfacción de titores e alumnado , elaborando e xestionando as enquisas de avaliación.
- **Facilitar** momentos de encontro entre coordinadores e titores da UDC.
- **Dar a coñecer** dentro da UDC e fora da mesma a labor que se está a desempeñar nos centros dende os seus proxectos de PAT.
- **Manter actualizada** a páxina. Web do Pat. Incorporando novos documentos, bibliografía e facendo públicos os proxectos de acción titorial de cada centro.

As funcións do coordinador/a da titulación son:

- **Participar no deseño** do proxecto de PAT do seu centro, responsabilizarse do seguimento e da avaliación do mesmo.
- **Acoller** inicialmente o alumnado que chegan o centro e informarlles do PAT do centro.
- **Realizar** a asignación de titores a os novos alumnos/as.
- **Dinamizar** e apoiar os titores.
- **Xestionar** momentos de encontro entre os seus titores para valorar o PAT do centro.
- **Elaborar** os informes de avaliación.
- **Dar conta** do que sucede no seu centro ante a comunidade universitaria e ante os responsables da UDC.

O PAT non funciona en todos os centros de forma homoxénea, xa que se adapta ás peculiaridades de cada institución. Como norma xeral téntase ofrecer un/unha titor/a a cada alumno/a que comeza os seus estudos na UDC e este acompañaos ao longo da súa formación universitaria. Nalgúns centros este responsable cambia cada curso ou ciclo académico.

Trátase dun servizo que o alumnado pode utilizar de forma optativa, mais que animamos a todos/as a empregar xa que pode facilitar o seu paso pola universidade e así aproveitar todas as posibilidades que esta ofrece.

Os obxectivos xerais do PAT son: favorecer a excelencia académica, dispensar unha formación integral e outorgar atención a cada estudante.

Supón unha atención personalizada e comprometida do/a titor/a (docente na titulación) que consiste en orientar, guiar, informar e formar o estudante nos diferentes aspectos da súa traxectoria académica, profesional e persoal, de modo que este alcance o maior nivel de desenvolvemento.

As funcións do/a titor/a son:

- **Acoller** na UDC dun modo máis persoal cada alumno/a.
- **Orientar** académica e profesionalmente.
- **Acompañar–seguir** o alumnado no proceso de aprendizaxe durante a súa formación.
- **Mediar** nas relacións problemáticas que se poden dar puntualmente entre alumnos ou cun profesor.
- **Axudar** no ámbito persoal, sempre que for necesario e o problema se puiden abordar; de non ser así, remitilo a outros servizos.

Calquera docente dunha titulación pode ser titor ou titora do PAT, o seu carácter é voluntario e nalgúns centros mesmo hai a figura de alumnos/as titores/as (alumnado dos últimos cursos ou que realiza estudos de terceiro ciclo).

O proxecto do PAT de cada centro debe seguir as directrices da UDC, aínda que contextualizado en cada institución.

**Elementos** do proxecto do PAT de centro: **contextualización** (centro, coordinador/a, titulacións a que vai dirixido, cursos ...); **análise de necesidades** (propias do centro, titulación e momento actual); **metas e obxectivos** (diferenciando entre metas a longo prazo e obxectivos concretos que podemos alcanzar no momento actual); **contidos** (comporta unha listaxe de temas para tratar); **recursos** (materiais e humanos con que contamos); **modelo organizativo** (funcionamento da titoría, distribución dos titores, alumnos, formato de traballo, formación dos titores, reunións de coordinación, actividades tipo ou xa organizadas por sesión); **cronograma**, avaliación (momentos e instrumentos).

O proxecto do PAT elabórase pola persoa coordinadora e mais os/as titores; ratifícao a xunta de centro, o que permitirá un mellor seguimento e compromiso por parte de todos/as os/as implicados/as.

O proxecto do PAT de centro debe establecer un calendario ou cronograma que conte con actividades específicas (individuais ou en grupo) e actividades xerais (de gran grupo ou pequeno grupo). Unhas poden ser de carácter máis informativo/organizativo e outras máis específicas da titorización e dos procesos de aprendizaxe.

Na maioría dos centros, ao comezo do curso académico o/a titor/a contacta cos seus titorandos ben mediante unha convocatoria xeral que realiza o decanato, a dirección da escola ou a persoa coordinadora do PAT da titulación, ben mediante correo electrónico ou cunha convocatoria na aula. As titorías poden ser individuais ou en grupo; presenciais ou virtuais.

Co PAT, en ningún caso, queremos levar os universitarios da man, xa que pola idade que teñen deben tomar as súas propias decisións; perseguimos, pola contra, obter persoas cada vez máis autónomas e emprendedoras, así como unha universidade de maior calidade.

O/A titor/a non debe perseguir os alumnos que non acoden á titoría, nin necesita coñecer toda a información académica ou administrativa, senón que en moitas ocasións tratarase de remitilos a outros profesionais que a poden ter ou poden dar unha mellor resposta ás demandas do estudantado.

En todos os centros existe un titor/a responsable dos posibles alumnos/as con necesidades educativas especiais, que manterá un asesoramento permanente da ADI. Esta figura incorpórase a o PAT dende o curso académico 2011–2012 , tomando como base a estrutura do PAT, deste modo establécese nunha rede, que denominamos *Rede UDC–Universal (UDC-U)*, en que participa un titor ou titora en todos os centros e que será a persoa responsable de servir como vínculo entre o propio centro e os seus integrantes (tanto docentes como estudantes) e a Unidade Universitaria de Apoio á Diversidade (ADI), de xeito que o servizo de asesoramento, sobre todo no caso de estudantes con necesidades específicas sexa, o máis acaído posible a estas necesidades. Con esta iniciativa preténdese, sobre todo, pasar dunha concepción dos servizos de estudantes con diversidade que se centra nun *modelo de resposta* ante as necesidades que puideren presentarse en cada momento, no canto dun *modelo preventivo* que sería o máis desexable. É dicir, a resposta dáse ante unha situación de necesidade de adaptación, en lugar de adaptar tanto os espazos como os contidos independentemente da existencia da necesidade de o facer. Para tal fin, empregamos como base esta rede e así obtemos a información das diferentes titulacións, independentemente de que teñan ou non estudantes con necesidades, e ao mesmo tempo establecer unha retroalimentación (*feedback*) en que o propio centro reciba información sobre as accións precisas que cómpre levar a cabo para mellorar a accesibilidade a adaptabilidade das súas titulacións.

Desde a UDC entendemos, que ca Titoría Universitaria PAT, estamos ante un camiño longo, polo que todas as universidades semella estar apostando en maior ou menor medida e que, sen dúbidas, pode darlle un xiro de calidade á nosa institución. Cómpre, por tanto, xerar procesos, momentos e instrumentos de avaliación de aplicación dos distintos proxectos de PAT DE cada centro; tamén é importante forma os titores e coordinadores, ao tempo que hai que escoitar os estudantes. Debemos evitar o exceso de burocratización, mais non renunciar a establecer mecanismos de seguimento e neles implicar activamente os titores. Cuestionarios de avaliación, informes individuais ou en grupo, grupos de discusión, xornadas de avaliación, son algunhas das posibles ferramentas.

Algunhas das **temáticas** máis frecuentes nas titorías do PAT son:

- Información sobre o funcionamento da Universidade.



- Descoñecemento ou problemas no acceso á páxina web da UDC.
- Información sobre os dereitos e deberes do estudiantado da UDC.
- Manexo de Moodle.
- Dúvidas sobre o plan de estudos e na organización do seu tempo.
- Mellorar o seu rendemento académico.
- Normativa sobre avaliación, regulamento etc.
- Opinión sobre a planificación do seu itinerario académico.
- Saídas profesionais da súa titulación.
- Elixir un ámbito ou lugar de prácticas.
- Cursos de formación da UDC: idiomas, informática, bases de datos...
- Posibilidades de mobilidade dentro de España ou no estranxeiro.
- Como consultar as bolsas dispoñibles de formación ou de emprego.
- Elaboración dun currículo.
- Residencias de estudantes, comedores.
- Tarxeta da UDC e tarxeta cidadá.
- Posibilidades de práctica deportiva no contexto universitario

**Pensamos que o camiño non é sinxelo pero vale a pena intentalo.**

**Belén Toja Reboredo (Coordinadora do PAT na UDC)**